

RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

O "Barrio do Cura" abrangue 23.500 m2 no extremo sur do Casco Vello. Nel atópanse algúns dos elementos máis antigos e senlleiros da historia de Vigo: O Convento de San Francisco, O Asilo de Anciáns, A Fonte e Lavadoiro da Barroca...

Este espazo foi ata fai poucos anos un céntrico barrio de uso residencial e de pequeno comercio. No Barrio destacaban as Hortas do Convento de S. Francisco que se remonta mais aló da época medieval e é o único espazo agrícola que sobreviviu ao crecemento da cidade.

Malia os seus importantes valores históricos e ambientais este espazo enfróntase actualmente á súa desaparición por mor dunha operación inmobiliaria que no canto de rehabilitar o barrio vai arrasar con esta sobranceira parte do casco vello vigués.

El "Barrio do Cura" abarca 23.500 m2 en el extremo sur del Casco Vello. En él se encuentran algunos de los elementos más antiguos y singulares de la historia de Vigo: El Convento de San Francisco, El Asilo de Ancianos, La Fuente y Lavadero de la Barroca...

Este espacio fue hasta hace pocos años un céntrico barrio de uso residencial y de pequeño comercio. En el Barrio destacaban las Huertas del Convento de S. Francisco que se remonta mas allá de la época medieval y es el único espacio agrícola que sobrevivió al crecimiento de la ciudad.

A pesar de sus importantes valores históricos y ambientales este espacio se enfrenta actualmente a su desaparición por culpa de una operación inmobiliaria que en vez de rehabilitar el barrio va a arrasar con esta influyente parte del Casco Vello vigués.

The "Barrio do Cura" (District of the Priest) covers 23.500 m2 on the south end of the Old Town. In it are some of the most ancient and singular elements in Vigo's history: The Convent of San Francisco, The Nursery Home, The Barroca Fountain and Washing Place...

Not many years ago this space was a central residential and small businesses neighborhood, in which the Vegetable Gardens of the Convent of St. Francis stand out as the only agricultural area that survived the growth of the city and has an origin that dates back beyond the medieval ages.

Despite its important historical and environmental values this space currently faces its disappearance because of a real estate transaction which instead of taking care of the neighborhood rehabilitation, it will devastate this influential part in Vigo's Old Town.



Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosbarrios.eu>



segue as pegadas do itinerario patrimonial

RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

A OLIVEIRA

EL OLIVO

THE OLIVE TREE



A oliveira é o símbolo da cidade de Vigo. Este exemplar de 200 anos de antigüidade é un retoño doutro ubicado no adro da igrexa de Santa María (A Colexiata) que foi plantado alí polos cabaleiros da Orde do Templo de Xerusalén (Templarios) no século XIV.

En 1814 o veciño Manuel Ángel Pereyra, vendo que ía ser talada por mor da reconstrución da antiga igrexa de Santa María (danada en 1809 pola explosión dun polvorín), decidiu recoller unha poliña e plantala na horta da súa casa. Despois de ter medrando uns anos trasplantouna ao seu emprazamento actual.

Hoxe en día esta oliveira é recoñecida como patrimonio polo "catálogo galego de árbores senlleiras"

El olivo es el símbolo de la ciudad de Vigo. Este ejemplar de 200 años de antigüedad es un retoño de otro ubicado en el atrio de la iglesia de Santa María (A Colexiata), plantado allí por los los caballeros de la Orden del Templo de Jerusalén (Templarios) en el siglo XIV.

En 1814 el vecino Manuel Ángel Pereyra, viendo que iba a ser talado por causa de la reconstrucción de la antigua iglesia de Santa María (dañada en 1809 por la explosión de un polvorín), decidió coger una ramita y plantarla en la huerta de su casa. Después de crecer durante unos años la trasplantó a su emplazamiento actual.

Hoy en día este olivo es reconocido como patrimonio por el "catálogo galego de árbores senlleiras"

The olive tree is the symbol of the city of Vigo. This 200 year old specimen is a sprout from an older one located in the churchyard of Santa María (A Colexiata), planted in the 14th century by The Order of the Poor Knights of the Temple of Jerusalem (Knights Templar).

In 1814 the neighbor Ángel Manuel Pereyra learned this tree would be chopped down due to the reconstruction of the church of Santa María (damaged in 1809 by the explosion of a powder magazine). He picked a twig and planted it in his backyard. After growing for a few years, he replanted it to its current location.

This olive tree is currently recognized as patrimony by the "catálogo galego de árbores senlleiras" (Galician catalog of singular trees.)



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

CRUCEIRO DO CAMPITO

CRUCEIRO DO CAMPITO

CAMPITO'S CALVARY



2

Este cruceiro (ca. 1.970) tiña a intención de embelecer o camiño de Poboadores, un novo espazo público para a veciñanza, rompendo así coa función clásica dos cruceiros galegos, na que se mesturaba relixión e superstición. Non obstante o cantero seguiu a composición tradicional dos cruceiros galegos: pedestal de dous chanzos, base paralelepípede, varal hexagonal rematado cun colariño dun único toro sobre o que se coloca un elaborado capitel de tipo xónico. A cruz segue tamén a composición clásica, co Cristo nunha cara e a Virxe no reverso. Destaca o fino puído do granito. Este cruceiro está protexido polo catálogo do "Plan Especial de Protección e Reforma Interior" do Casco Vello.

Este cruceiro (ca. 1.970) tenía a intención de embellecer el camino de Poboadores, un nuevo espacio público para el vecindario, rompiendo así con la función clásica de los cruceiros gallegos, en la que se mezclaba religión y superstición. No obstante el cantero siguió la composición tradicional de los cruceiros gallegos: pedestal de dos escalones, base paralelepípede, varal hexagonal rematado con un collar de un único toro sobre el que se coloca un elaborado capitel de tipo Jónico. La cruz sigue también la composición clásica, con el Cristo en una cara y la Virgen en el reverso. Destaca el fino pulido del granito. Este cruceiro está protegido por el catálogo del "Plan Especial de Protección y Reforma Interior" del Casco Vello.

This calvary (ca. 1970) was intended to beautify Poboadores path, a new public space for the neighborhood, breaking with the classic function of the Galician calvaries, in which religion and superstition mingled. However the stonemason followed the traditional composition Galician calvaries: two pedestal stands, parallelepiped base, hexagonal clothesline finished with a single torus neck on which an elaborate type of Ionic capital is placed. The cross follows the traditional composition as well, with a Christ on one side and the Virgin on the back. The fine polished granite stands out. This calvary is protected by the catalog of Casco Vello's "Special Interior Reform and Protection Plan."



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosbarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

RÚA POBOADORES

CALLE POBOADORES

POBOADORES STREET



A rúa Poboadores debe seguramente o seu nome á carta de privilexios outorgados polo rei Xoán II en 1440 a quen poboase a vila de Vigo.

A súa situación, enriba do porto pesqueiro do Berbés, fainos pensar que dende un primeiro momento foi este un barrio de dedicación mariñeira, oficio moi común entre a veciñanza ata hai poucas décadas, xa que no s. XV se viviu unha forte expansión desta actividade nas costas Atlánticas.

Nesta rúa, protexida como patrimonio histórico, diferéncianse tres sectores: o norte (de feitura medieval), o central (urbanizado nos anos posteriores ao derribo das murallas da cidade no 1861) e a rampa que sobe ata o Paseo de Alfonso XII (de finais do s. XIX).

La calle Poboadores debe seguramente su nombre a la carta de privilegios otorgados por el rey Xoán II en 1440 a quien poblase la villa de Vigo.

Su situación, por encima del puerto pesquero del Berbés, nos hace pensar que desde un primer momento fue este un barrio de dedicación marinera, oficio muy común entre el vecindario hasta hace pocas décadas, ya que en el s. XV se vivió una fuerte expansión de esta actividad en las costas Atlánticas.

En esta calle, protegida como patrimonio histórico, se diferencian tres sectores: el norte (de confección medieval), el central (urbanizado en los años posteriores al derribo de las murallas de la ciudad en 1861), y la rampa que sube hasta el Paseo de Alfonso XII (hecha a finales del s. XIX).

Poboadores street very likely owns its name due to the letter of privileges given by King Xoán II in 1440 to those who populated the town of Vigo.

Its location, above Berbés fishing port, makes us think of a fishermen dedicated neighborhood from its origins, a very common trade among the neighbours up to a few decades ago, since the 15th century experienced a strong expansion of fishing activity on the Atlantic coast. This street, protected as historic patrimony, distinguishes three sectors: the northern sector (of medieval workmanship), the central sector (urbanized during the years following the demolition of the city walls in 1861), and to ramp up to the Paseo de Alfonso XII (built at the end of the 19th century.)



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

LAVADOIRO DA BARROCA

LAVADERO DA BARROCA

POBOADORES WASHING PLACE



4

Trátase do único lavadoiro existente no centro de Vigo que ten a sorte de manter a achega do acuífero orixinal.

A condición orixinal e a data de construción deste lavadoiro comunal son descoñecidas. O elemento de máis antigüidade é o pío feito con perpiaños de granito. O lavadoiro, composto por unha cuberta orixinal sustentada por catro columnas de fundición (marca "Sanjurjo", entre 1880 e 1960) e polo muro de Poboadores (de finais do s. XIX), foi posteriormente dividido en doce pías azulexadas. A actual cuberta, de armazón metálica e tellado translúcido, é produto dunha rehabilitación de 1993. A suma das distintas fases constructivas confírenlle a súa inusual tipoloxía.

Se trata del único lavadero existente en el centro de Vigo que tiene la suerte de mantener la aportación del acuífero original.

La condición original y la fecha de construción de este lavadero comunal son descoñecidas. El elemento de máis antigüidade es el pílón hecho con sillares de granito. El lavadero, compuesto por una cubierta original sustentada por cuatro columnas de fundición (marca "Sanjurjo", entre 1880 y 1960) y por el muro de Poboadores (de finales del s. XIX), fue posteriormente dividido en doce pilones azulejados. La actual cubierta, de armazón metálico y tejado translúcido, es producto de una rehabilitación de 1993. La suma de las distintas fases constructivas le confieren su inusual tipología.

This is the only existing washing place in the center of Vigo that is lucky enough to keep the contribution of the original aquifer.

The original condition and the date of construction of this communal washing place are unknown. The oldest item is the basin built with ashlar made of granite. The washing place, made of an original cover sustained over 4 cast iron columns ("Sanjurjo" brand, between 1880 and 1960) and the wall of Poboadores (late 19th century) was subsequently divided into twelve tiled basins. The current cover of metal frame and translucent roof is a 1993 rehabilitation. The sum of the various construction provides its unusual typology.



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

FONTE DA BARROCA

FUENTE DE A BARROCA

BARROCA FOUNTAIN



5

A Fonte da Barroca data do 1840 cando Taboada Leal afirmaba que "fornecía aos veciños dos barrios da Falperra e da Ribeira". É unha modesta fonte de cano metálico, encaixada nun muro a baixa altura. Hoxe en día a súa importancia radica en ser un dos vestixios máis antigos de tempos nos que xs viguesxs tiñan nesta fonte o único recurso para abastecerse de auga (ata 1902 non se implementou o servizo de traída). A fábrica da fonte está protexida polo PEPRI do Casco Vello, non así o acuífero que podería desaparecer ao realizar as novas construcións proxectadas no Barrio do Cura.

La Fuente de la Barroca data de 1840 cuando Taboada Leal afirmaba que "suministraba a los vecinos de los barrios de la Falperra y de la Ribeira". Es una modesta fuente de caño metálico, encajada en un muro a baja altura. Hoy en día su importancia radica en ser uno de los vestigios más antiguos de tiempos en los que lxs viguesxs tenían en esta fuente el único recurso para abastecerse de agua (hasta 1902 no se implementó el servicio de traída).

La fábrica de la fuente está protegida por el PEPRI del Casco Vello, no así el acuífero que podría desaparecer al realizar las nuevas construcciones proyectadas en el Barrio do Cura.

"Barroca Fountain" dates from 1,840 when Taboada Leal stated that "(it) supplied (water) to the neighbors of the districts of Ribeira and Falperra". It is a modest fountain with a metal spout, fitted into a wall at low height. Today, its importance lies on it being one of the oldest remains of times when the peoples from Vigo had on this fountain the only source to obtain drinking water (the water pipe fitting wasn't built until 1,902).

The factory supply is protected by Casco Vello's PEPRI, not the aquifer that could disappear when the newly planned construction in Barrio do Cura is carried through.



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

RÚA
DA BARROCA

CALLE DE
A BARROCA

BARROCA
STREET



6



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + INFORMACIÓN sobre a recuperación de
barrios en:

<http://recuperarosarrios.eu>



Barroca ou Barronca é un topónimo galego que se refire a unha pendente brusca, de terreo arxiloso, húmido e esvaradío.

Algunhas fontes consideran a Barroca como outro barrio extramuros de Vigo no que nunca houbo moitas vivendas. Outras recollen que era o nome que se lle daba á pendente que unía o Barrio da Falperra co do Berbés. O camiño baixaba practicamente perpendicular a onde hoxe se atopa o Asilo e a Fonte ata chegar á Ribeira do Berbés.

Hoxe en día consérvase a parte baixa dese camiño denominado unhas veces como rúa e outras como escaleiras da Barroca. A parte alta da Barroca quedou transformada na segunda metade do s. XIX tralo derrubamento da murallas xunto coa construción do Paseo de Alfonso XII e a ampliación da rúa Poboadores.

Barroca o Barronca es un topónimo gallego que se refiere a una pendiente brusca, de terreno arcilloso, húmido y resbaladizo.

Algunas fuentes consideran la Barroca como otro barrio fuera de las murallas de Vigo, aunque nunca debió de tener muchas viviendas. Otras recogen que era el nombre que se le daba a la pendiente que unía el Barrio de la Falperra con el del Berbés. El camino bajaba prácticamente perpendicular a donde hoy se encuentra el Asilo y la Fuente hasta llegar a la Ribeira do Berbés.

Hoy día se conserva la parte baja de este camino denominado unas veces como calle y otras como escaleras de la Barroca. La parte alta de la Barroca quedó transformada en la segunda mitad del s. XIX tras el derribo de la murallas junto con la construcción del Paseo de Alfonso XII y la ampliación de la calle Poboadores.

Barroca or Barronca is a Galician place name which refers to a abrupt slope, of clayey soil, damp and slippery. Some sources consider the Barroca another neighborhood outside the walls of Vigo, though it never seemed to have many homes. Other sources claim it was the name given to the slope connecting the Falperra and Berbés neighborhoods. The path descended practically perpendicular where we can find the Nursery Home and the Fountain, continuing as far as Ribeira do Berbés.

As of today the low part of this path is preserved, referred to sometimes as a street and other times as Barroca stairways. Its upper part was modified during the second half of the XIX century after the demolition of the city walls together with the construction of Paseo de Alfonso XII and the lengthening of Poboadores street.

RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

EX-CONVENTO DE SAN FRANCISCO

EX-CONVENTO DE SAN FRANCISCO

THE FORMER MONASTERY OF SAN FRANCISCO



A orixe deste convento remóntase á Idade Media cando no ano 1.160 Fernando II doa aos monxes cistercienses de Melón a antiga capela de Santa Uxía; estes instalan canda ela un celeiro, converténdoa no centro de poder da súa orde na bisbarra. Pasan a ser, por conseguinte, os señores da vila.

No s. XVI chega unha nova orde monástica á Ría de Vigo: os franciscanos. Despois de estaren radicados en San Simón e Baiona, en 1.572 reciben a igrexa (daquela advocada a Santa Marta) e propiedades que tiñan os monxes de Melón en Vigo. Non sen certas dificultades (epidemias, o ataque de Drake en 1.589...) o convento de San Francisco rematouse ben avanzado o s. XVII.

No s.XVIII foi ampliado ata as súas dimensións actuais. Trala desamortización de Medizabal (1.836) os franciscanos tiveron que deixar o convento, que pasou a mans do Estado, quen albergou nesta construción diferentes funcións sociais como orfanato ou comedor social entre outras.

El origen de este convento se remonta a la Edad Media cuando en el año 1.160 Fernando II dona a los monjes cistercienses de Melón la antigua capilla de Santa Uxía; estos instalan junto a ella un granero, convirtiéndola en el centro de poder de su orden en la bisbarra. Pasan a ser, por consiguiente, los señores de la villa.

En el s. XVI llega una nueva orden monástica a la Ría de Vigo: los franciscanos. Después de estar radicados en San Simón y Baiona, en 1.572 reciben la iglesia (advocada entonces a Santa Marta) y propiedades que tenían los monjes de Melón en Vigo. No sin ciertas dificultades (epidemias, el ataque de Drake en 1.589...) el convento de San Francisco se terminó bien avanzado el s. XVII.

En el s. XVIII fue ampliado hasta sus dimensiones actuales. Tras la desamortización de Medizabal (1.836) los franciscanos tuvieron que dejar el convento, que pasó a manos del Estado, quien albergó en esta construcción diferentes funciones sociales como orfanato o comedor social entre otras.

This abbey dates from the Middle Ages when, in 1,160, Fernando II donates the old chapel of *Santa Uxía* to the Cistercian monks from Melón; they built a barn beside it, turning it into the headquarters of their order in the region. Consequently they became the lords of the village.

In the 16th century a new monk order reaches the Ría de Vigo: the Franciscans. After residing in San Simón and Baiona, in 1,572 receiving the church (then advocated to Santa Marta) and other properties of the monks from Melón in Vigo.

Not without some difficulty (epidemics, Drake's attack in 1,589...) the Monastery of San Francisco was finished well into the 17th century.

In the 18th century it was expanded up to its current dimensions. After the Ecclesiastical Confiscations of Mendizabal (1,836) the Franciscans had to leave the monastery, which became State-owned, and homed diverse public functions such as orphanage or social dinner among others.

7



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosbarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

CAMIÑO DE SANTA MARTA

CAMINO DE SANTA MARTA

SANTA MARTA STREET



8

A rúa Sta. Marta ten a súa orixe no camiño medieval que serpenteaba dende a porta da igrexa ata o cruce de Picacho, onde se podía baixar á praia e coller os camiños de Bouzas e Baiona. A súa configuración actual remóntase polo menos á idade moderna, anos nos que se ergueron a igrexa, o convento e o muro da horta.

Actualmente a rúa Sta. Marta atópase catalogada no PEPRI do Casco Vello. Isto protexe o seu pavimento, pero non especifica nada sobre os muros a excepción do treito do nº 38 (a actual escola infantil municipal) que si está catalogado. Non obstante, a urbanización proxectada no PEPRI do Barrio do Cura, implicaría o ensanche da rúa ata os oito metros e o derrube das vivendas e o resto do muro na beira par da rúa. Na beira impar proxéctase a demolición de parte do edificio do ex-convento (hoxe en día Casa da Caridade) e o seu patio para dar paso a un novo parque privado e un edificio de catro andares.

La calle Sta. Marta tiene su origen en el camino medieval que serpenteaba desde la puerta de la iglesia hasta el cruce de Picacho, donde se podía bajar a la playa y coger los caminos de Bouzas y Baiona.

Su configuración actual se remonta por lo menos a la edad moderna, años en los que se levantaron la iglesia, el convento y el muro de la horta.

Actualmente la calle Sta. Marta se encuentra catalogada en el PEPRI del Casco Vello. Esto protege su pavimento, pero no especifica nada sobre los muros a excepción del trecho del nº 38 (la actual escuela infantil municipal) que sí está catalogado. No obstante, la urbanización proyectada en el PEPRI del Barrio do Cura, implicaría el ensanche de la calle hasta los ocho metros y el derrumbamiento de las viviendas y el resto del muro en la acera par de la calle. En la acera impar se proyecta la demolición de parte del edificio del ex-convento (hoy en día Casa de la Caridad) y su patio para dar paso a uno nuevo parque privado y un edificio de cuatro plantas.

Sta. Marta Street has its origins in the medieval path that twisted from the gate of the church to the Picacho crossing, where one could go down to the beach and take the roads to Bouzas and Baiona.

Its present configuration dates back at least to the Modern Age, Years when the church, the cloister, and the wall of the orchard were built

Nowadays, the Santa Marta Street is indexed on Casco Vello's PEPRI*. This protects the pavement, but does not specify on the anything about the walls except for the stretch of # 38 (the current municipal nursery) which is itself cataloged. However, the projected urbanization in Barrio do Cura's PEPRI, involves widening the road to reach eight meters and demolishing of the housing, and the rest of the wall on the even sidewalk. On the odd sidewalk demolition of part of the building of the former convent (now House of Charity) and its backyard to make way for a new private park and a four-story building.



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

CASA
VILEGA

CASA
VILEGA

VILEGA
HOUSE



9

Nos. XIX a urbanización de Vigo debuzouse cara ao Leste mentres que cara ao Oeste apenas se edificou. A razón principal desta asimetría foi a restrición á edificación en altura nunha ampla zona entre o Castro e a praia de Coia imposta polo exército ata 1901. Así, ata ben avanzado o s. XX non se iniciou a urbanización desta zona. Neste espazo "rurubano" fixéronse comúns as "casas vilegas": vivendas de familias burguesas cun terreo no que a función agrícola era inexistente ou secundaria.

A Casa Vilega, construída na segunda década do s. XX sobre a viña do Convento colindaba co que agora chamamos Barrio do Cura. Conta con dous andares cadrados de 120 m², está feita con perpiaños de granito sen encintar e cunha cuberta a catro augas de tella do país e ampla cornixa. Situada nunha parcela de 1.400 m² a casa, na que cabe destacar a solaina de pedra que mirando á ría sobresa na fachada norte, posúe un aire enxebre e sinxelo.

Recentemente remodelouse para albergar unha gardaría municipal.

En el s. XIX la urbanización de Vigo se expandió hacia el Este mientras que hacia el Oeste apenas se edificó. La razón principal de esta asimetría fue la restricción a la edificación en altura en una amplia zona entre el Castro y la playa de Coia que el ejército impuso hasta 1901. Así, hasta bien avanzado el s. XX no se inició la urbanización de esta zona. En este espacio "rurubano" se hicieron comunes, las "casas vilegas": viviendas de familias burguesas con un terreno en el que la función agrícola era inexistente o secundaria.

La Casa Vilega, construída en la segunda década del s. XX sobre la viña del Convento colindaba con lo que ahora llamamos Barrio do Cura. Cuenta con dos plantas cuadradas de 120 m², está hecha con sillares de granito sin encintar y con una cubierta a cuatro aguas de teja del país y amplia cornisa. Situada en una parcela de 1.400 m² la casa, en la que cabe destacar la galería de piedra que mirando a la ría sobresa en la fachada norte, posee un aire característico y sencillo.

Recientemente se remodeló para albergar una guardería municipal.

During the 18th century Vigo's urbanization cleared towards East while the West has barely been built. The main reason for this asymmetry was the restriction on building height in a wide area between O Castro and Coia's beach imposed by the army until 1901. It wasn't until well into the 20th century that the urbanization of this area begun. In this half rural/half urban space the "Vilega houses" became common: homes belonging to bourgeois families with land in which the agricultural function was either non-existent or secondary.

The Vilega House, built in the 1920's above the vineyard of the Convent bordered what is now called Barrio do Cura. It has two square floors of 120 m², is made with granite masonry without plaster, a four-sided roof with regional tiles and a wide cornice. Located on a plot of 1,400 m² the house, where the gallery of stone overlooking the Ría de Vigo stands out on the north façade, possesses a simple and traditional appearance.

It was recently remodeled to house a municipal nursery.



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

ZONA
ARQUEOLÓGICA

ZONA
ARQUEOLÓGICA

ARCHAEOLOGICAL
AREA



10

O ámbito do “Barrio do Cura”, integrado na “Zona Arqueolóxica Única do Casco Vello de Vigo” é un área aínda sen explorar por novas técnicas da arqueoloxía. Unha boa parte dela é solo virxe, nunca edificado nin escavado. Sen dúbida o traballo arqueolóxico achegará moitos e moi valiosos coñecementos sobre as idades máis antigas da cidade, xa que esta se atopa circundada por vizosas zonas arqueolóxicas: o xacemento romano-medieval do Casco Vello, as necrópoles de Picacho/San Francisco e o Monte do Castro.

El ámbito del “Barrio do Cura”, integrado en la “Zona Arqueológica Única del Casco Vello de Vigo”, es un área aún sin explorar por las nuevas técnicas de la arqueología. Una buena parte de ella es suelo virgen, nunca edificado ni excavado. Sin duda el trabajo arqueológico traerá muchos y muy valiosos conocimientos sobre las edades más antiguas de la ciudad, ya que esta se encuentra circundada por exuberantes zonas arqueológicas: el yacimiento romano-medieval del Casco Vello, las necrópolis de Picacho/San Francisco y el Monte del Castro.

The area of the Barrio do Cura, integrated in the “Unique Archaeological Zone of the Casco Vello of Vigo”, is an area yet to explore by new archaeological techniques. A major part of it is virgin soil, which has never been built or excavated. Undoubtedly the archaeological work will contribute with plentiful and valuable knowledge about the ancient ages of Vigo, since this facility is surrounded by lush archaeological zones: the Roman-Medieval Casco Vello's site, the necropolis of Picacho/San Francisco, as well as the Monte do Castro.



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

BARRIO DE SANTA MARTA

BARRIO DE SANTA MARTA

SANTA MARTA/ST. MARTHA NEIGHBOURHOOD



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de
barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



Trala desamortización de 1836 as terras do Convento de San Francisco foron adquiridas por unha familia nobre de Betanzos que dividiu a antiga horta do Convento en parcelas; as do interior continuaron dedicándose ao agro, mentres que as do perímetro fóronse urbanizando paulatinamente.

Unha das primeiras zonas na que se construíron vivendas foi o Camiño de Sta. Marta. Nestas vivendas instaláronse cara 1880, a ambas beiras do camiño, varias decenas de familias. Hoxe en día só permanecen en pé as vivendas da beira par, xa que as da beira impar foron derrubadas cando se abriu a rúa Torrecedeira.

Algunhas destas casas, maiormente humildes en dimensións e feitura, contan na parte traseira cunha horta ou un patio. Existe un acceso á horta principal e máis vivendas a través dunha ruela interior en forma de "T".

A posta en marcha do recollido no PEPRI do Barrio do Cura suporá a súa inminente desaparición.

Tras la desamortización de 1836 las tierras del Convento de San Francisco fueron adquiridas por una familia noble de Betanzos que dividió la antigua huerta del Convento en parcelas; las del interior continuaron dedicándose al campo, mientras que las del perímetro se fueron urbanizando paulatinamente.

Una de las primeras zonas en la que se construyeron viviendas fue el Camino de Sta. Marta. En estas viviendas se instalaron hacia 1880, en ambas aceras del camino, varias decenas de familias. Hoy en día sólo permanecen en pie las viviendas de la acera par, ya que las de la acera impar fueron derrumbadas cuando se abrió la calle Torrecedeira.

Algunas de estas casas, mayormente humildes en dimensiones y confección, cuentan en la parte trasera con una huerta o un patio. Existe un acceso a la huerta principal y más viviendas a través de una callejuela interior en forma de "T".

La puesta en marcha de lo recogido en el PEPRI del Barrio do Cura supondrá su inminente desaparición.

After the expropriation in 1836, the lands of the Convent of San Francisco were acquired by a noble family from Betanzos that parceled up the old garden of the Convent; the inner ones continued being devoted to work in the field, while the ones on the perimeter were urbanized.

One of the first areas on which housing was built was the Camiño de Santa Marta. In these houses, several dozen families settled on both sides of the road towards 1880's. As of today, the only remaining homes are the ones from the even side, as the ones from the odd side were demolished when Torrecedeira street was opened.

These houses are mostly humble in size and workmanship. Some of them have in the back a garden or patio. The neighborhood holds a T shaped alley inside, which gives access to more homes and the garden.

The current project for the neighborhood will lead to its disappearance.

RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

HORTA BARRIO DO CURA

HUERTA BARRIO DO CURA

VEGETABLE GARDEN OF THE BARRIO DO CURA



12

A horta do chamado Barrio do Cura é unha das máis significativas testemuñas do Vigo medieval e da súa orixe agraria.

As primeiras novas deste espazo agrícola remóntanse a 1.160 cando Fernando II doa ao Mosteiro de Melón a capela de Santa Uxía "cos seus terreos na beira do mar". Por un documento do s. XVI, sabemos que estes terreos incluían "6 cavaduras de viña". A taxación para a poxa pública de 1838 atopa na horta "leiras de regadío, viñas, limoeiros, laranxeiras, un canaval e algunhas froiteiras" ademais dun "bosque con carballos e castiñeiras", nunha superficie duns 15.000 m2.

Hoxe en día, circundada por construcións dos s. XIX e XX, fican 9.000 m2 de espazo verde no cal aínda se atopan parcelas de cultivo, nogueiras, loureiros, pexegueiros, oliveiras, etc. A conservación deste espazo non se contempla no proxecto do PERI

La huerta del llamado "Barrio do Cura" es una de los más significativos testigos del Vigo medieval y de su origen agrario. Las primeras noticias de este espacio agrícola se remontan a 1.160 cuando Fernando II dona al Monasterio de Melón la capilla de Santa Uxía "con sus terrenos en la orilla del mar". Por un documento del s. XVI, sabemos que estos terrenos incluían "6 cavaduras de viña". La tasación para la subasta pública de 1838 encuentra en la huerta "fincas de regadío, viña, limoneros, naranjos, un cañaverl y algunos frutales", además de un "bosque con robles y castaños", en una superficie de unos 15.000 m2. Hoy en día, circundada por construcciones de los s. XIX y XX, quedan 9.000 m2 de espacio verde en el que todavía se encuentran parcelas de cultivo, nogales, laureles, melocotoneros, olivos, etc. La conservación de este espacio no se contempla en el proyecto de PERI

The vegetable garden of the "Barrio do Cura" is one of the most significant witnesses of Vigo and its medieval agricultural origin. The first news of this agricultural area date back to 1160 when Ferdinand II donates to Melon Monastery the Chapel of Santa Uxía/St. Eugenia "with their land beside the sea." Thanks to a 16th century document we know that these lands included "6 vineyard excavations." The valuation for the public auction of 1838 finds in the garden "irrigation estates, vineyards, lemon trees, orange trees, one reedbed and a few fruit trees", as well as a "forest with oak and chestnut trees", over an area of about 15,000 m². Today, surrounded by 19th and 20th century buildings, 9,000 m² of green space remain where one is able to find plots, walnut-trees, laurel trees, peach trees, olive trees, ... The preservation of this space is not contemplated in the draft of the Special Internal Reform Plan for this area.

segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + INFORMACIÓN sobre a recuperación de barrios en:

<http://recuperarosarrios.eu>



RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

BARRIO
DO CURA

BARRIO
DO CURA

BARRIO
DO CURA



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de
barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



O Barrio do Cura propiamente chamado é un singular conxunto de arquitectura popular, constituído entre finais do s. XIX e principios do s. XX, no que aínda predomina a pedra labrada orixinal.

Entre as vivendas destaca o conxunto formado polos nº 10, 11, 12 e 13. Na fachada leste contan cunha xeitosa obra de piares, trabes e varandas de perpiaño que na planta superior fan de solaina e na inferior de pórtico.

Outro elemento valioso é o espazo público composto por unha serie de escadas, ruelas e praciñas. Entre as escadas destaca a que descende de Pi y Margall cara ao Barrio e ten forma de arco. O acceso ás leiras facíase dende un sendeiro que partía dende a praciña baixa (hoxe en día entupido polas silvas). Aquel conxunto de vivendas e o espazo público do Barrio do Cura están catalogados como patrimonio no Plan Especial de Protección e Reforma Interior. No proxecto actual contéplase a construción dun centro comercial no espazo que actualmente ocupa o Barrio.

El "Barrio do Cura" propiamente llamado es un singular conjunto de arquitectura popular constituido entre finales del s. XIX y principios del XX, en el que todavía predomina la piedra labrada original.

Entre las viviendas destaca el conjunto formado por los nº 10, 11, 12 y 13. En la fachada Este cuentan con una apuesta obra de pilares, vigas y barandas de sillares que en la planta superior hacen de azotea y en la inferior de pórtico.

Otro elemento valioso es el espacio público compuesto por una serie de escaleras, callejones y placitas. Entre las escaleras destaca la que descende de Pi y Margall hacia el Barrio y tiene forma de arco. El acceso a las fincas se hacía desde un sendero que partía desde la placita baja (hoy en día cubierto de zarzas). Aquel conjunto de viviendas y el espacio público del Barrio do Cura están catalogados como patrimonio en el Plan Especial de Protección y Reforma Interior. En el proyecto actual se contempla la construcción de un centro comercial en el espacio que actualmente ocupa el Barrio.

"Barrio do Cura" is a singular set of popular architecture constituted between the end of the 19th and the beginning of the 20th centuries, in which the original stone carvings still dominate.

No. 10, 11, 12, and 13 stand out among the homes. The East façade has an appealing work of pillars, beams and header railings that function both as a terraced roof on the top floor, and a porch on the lower one.

Another valuable item is the public space composed of a series of stairs, alleys and squares. Among the stairs, the one descending from Pi y Margall towards the District stands out shaped like a bow. A path gave access to the properties starting from the low square (now clogged by bramble patches).

That set of homes and public space of the Barrio do Cura are classified as patrimony in the Special Interior Reform and Protection Plan. The current project contemplates the building of a shopping mall on the space currently occupied by the "Barrio."

RECUPERAR OS BARRIOS

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA

ASILO DE
ANCIANS

ASILO DE
ANCIANOS

NURSING
HOUSE



14

En 1883 as *Irmanciñas dos Anciáns Desamparados* chegaron a Vigo co propósito de fundar un asilo para anciáns. Para isto recibiron o apoio do párroco castrense D. Juan Manuel Pérez Martínez, que lles doaré os seus terreos, situados á beira do camiño a Baiona (Pi y Margall).

A primeira fase da construción do Asilo comezou no 1.886. Pouco despois, en 1.892, encargóuselle ao arquitecto Manuel Felipe Quintana o deseño da igrexa, a cal combina elementos neogóticos e neorrománicos que foron replicados posteriormente en Santiago de Vigo, obra do mesmo Quintana. Ao longo do s. XX, ao tempo que a cidade medraba, o Asilo foi gañando en volume ata assimilar a igrexa.

En 1.999 as *Irmanciñas* abandonan o edificio asinando un convenio co Concello para recalificar o terreo. O edificio foi excluído do "Plan Especial de Protección e Reforma Interior" e da zona BIC para facilitar un lucrativo proxecto inmobiliario.

En 1883 las *Hermanitas de los Ancianos Desamparados* llegaron a Vigo con el propósito de fundar un asilo para ancianos. Para esto recibieron el apoyo del párroco castrense D. Juan Manuel Pérez Martínez, que les donará sus terrenos, situados al lado del camino a Baiona (Pi y Margall).

La primera fase de construcción del Asilo empezó en 1.886. Poco después, en 1.892, se le encargó al arquitecto Manuel Felipe Quintana el diseño de la iglesia, la cual combina elementos neogóticos y neorrománicos que fueron replicados posteriormente en Santiago de Vigo, obra del mismo Quintana. A lo largo del s. XX, al tiempo que la ciudad crecía, el Asilo fue ganando en volumen hasta asimilar la iglesia.

En 1999, las *Hermanitas* abandonan el edificio firmando un convenio con el Ayuntamiento para recalificar el terreno. El edificio fue excluido del "Plan Especial de Protección y Reforma Interior" y de la zona BIC para facilitar un lucrativo proyecto inmobiliario.

In 1883 the *Little Sisters of the Poor* arrived to Vigo with the purpose of founding a nursing home. They received the support of the military parish priest D. Juan Manuel Pérez Martínez, who will donate his lands, located beside the road to Baiona (Pi y Margall).

The first stage of the nursing home began in 1886. Shortly afterwards, in 1892, the architect Manuel Felipe Quintana was commissioned the design of the church, which combines elements from neogothic and romanesque revival architecture, later replicated in Santiago de Vigo, another work by Quintana. Throughout the 20th century, as the city was growing, the nursing home was gaining in volume until it assimilated the church.

In 1999, the *Little Sisters* left the building, signing an agreement with the City Hall to reassess the ground. The building was excluded from the "Special Internal Reform and Protection Plan" and the BIC (Heritage of cultural interest) area to facilitate a lucrative real estate project.



segue as pegadas do itinerario patrimonial

Atopa + **INFORMACIÓN** sobre a recuperación de barrios en: <http://recuperarosarrios.eu>



**RECUPERAR
OS BARRIOS**

BARRIO DO CURA E PANIFICADORA